

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO,  
COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E OS COLEXIOS OFICIAIS DE  
GRADUADOS SOCIAIS DA CORUÑA E OURENSE, PONTEVEDRA E LUGO PARA A  
PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICO-LABORAL , TRAMITADO  
COMO ANTICIPADO DE GASTO**

**COMPARECEN**

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

Doutra parte:

José Lage Cerviño Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense en virtude do nomeamento da Xunta Xeral do 20 de marzo de 2024, segundo o disposto no artigo 48 dos seus estatutos, actuando no seu nome e representación, con NIF Q1569004C, e sede social en Rúa Monforte, 12 baixo, A Coruña,

Raúl Eugenio Gómez Villaverde Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Pontevedra en virtude de nomeamento da Xunta Xeral do 10 de maio de 2022, segundo o disposto no artigo 40 dos seus estatutos, actuando no seu nome e representación, con NIF Q3669005E e sede social na Rúa Alfonso X El Sabio, núm. 3, 1º, Vigo.

Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo en virtude do nomeamento da Xunta Xeral do 30 de xuño de 2023, segundo o disposto no artigo 43 dos seus estatutos, actuando no seu nome e representación, con NIF Q2769011D e sede social na Praza de Alacante, 13, Lugo

Todas as partes recoñécense mutuamente a súa competencia e capacidade legal para formalizar este convenio de colaboración, e para tales efectos,

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (en adiante a Consellería), segundo o Decreto 147/2024, do 20 de maio polo que se establece a súa estrutura orgánica dispón no seu artigo 19 entre outras atribucións a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de relacións laborais, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, promoción do emprego de calidade e o impulso e desenvolvemento das políticas de igualdade laboral.

A consellería é consciente da realidade social e económica actual, xa que existen dificultades económicas, incertezas, salarios máis baixos e outras inxedanzas que afectan ás persoas traballadoras e ás relacións laborais, afectando así, as condicións de traballo. Durante o ano 2021 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en colaboración cos Colexios Oficiais de Graduados Sociais prestaron os servizos de información, orientación e asesoramento a cidadanía de xeito moi satisfactorio, polo que nas anualidades 2022 e 2023 estas entidades asumiron na súa totalidade a coordinación e prestación das actuacións cubrindo así a necesidade do achegamento de información, orientación e asesoramento con grande éxito, polo que no ano 2023, asinouse unha addenda pola que se duplicou a achega financeira coa finalidade de dar servizo a máis usuarios. Nas anualidades 2024 e 2025 continuouse satisfactoriamente coas prestacións deste convenio.

**Segundo.-** Os Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo (en adiante Colexios) son unhas corporacións de dereito público que, no ámbito destas provincias, integra aos profesionais que ostentan o título de Graduado Social, Graduado Social diplomado ou Diplomado en Relacións Laborais, ou os equivalentes que os poidan substituír no futuro, que facultan a aqueles que o ostentan para o exercicio da profesión de Graduado Social.

De acordo co artigo 2.1 c) da Lei de subvencións de Galicia o obxecto deste convenio responde a unha actividade de interese social, dado que este servizo ten un carácter gratuíto sobre consultas de persoas desfavorecidas, e os Colexios Profesionais de Graduados Sociais na súa actuación e funcionamento están sometidos aos principios democráticos e ao réxime de control orzamentario anual, e entre os seus fins están as actuacións que engloban o obxecto deste convenio do xeito máis directo e adecuado.

**Terceiro.-** A Consellería e os Colexios, cada un dende a posición que lle é propia, están interesados en ofrecer ás persoas que así o demanden un servizo gratuíto de asesoramento en materia socio-laboral, xurídico-laboral e de seguridade social, co obxecto de ofrecerlles orientación ante asuntos ocasionais dirixida a resolver as dúbidas legais nas citadas materias. Así mesmo, o presente convenio será o instrumento para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma segundo o artigo 19.4 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do anterior, as partes acordan subscribir o presente convenio coas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste acordo é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e os Colexios Oficiais de Graduados Sociais da Coruña e Ourense, Pontevedra e Lugo; para a prestación do servizo de orientación xurídico-laboral gratuíto para a cidadanía da comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2026.

O servizo de orientación xurídico-laboral gratuíto atende as consultas sobre:

- As prestacións de seguridade social (xubilación, invalidez e prestacións familiares...)
- Prestacións non contributivas
- Prestacións de desemprego
- A relacións laborais dos traballadores: contratos, convenios, comprobacións salariais das nóminas, reclamacións salariais, despedimentos, conflitos derivados da relación laboral
- Relacións laborais de estranxeiros/as en España
- Mediación
- Emprendemento
- Traballadores/as autónomos economicamente dependentes, Igualdade, discriminación e acoso, resto de materias futuras que legalmente poidan incardinar dentro das competencias profesionais das persoas graduadas sociais.

### **Segunda.- Persoas beneficiarias**

Poderán ser persoas beneficiarias do servizo da Oficina de Orientación Xurídica-Laboral calquera cidadán (ben con NIF ou NIE), que non teña condición de empresario/a, salvo o indicado no parágrafo seguinte, que ante unha cuestión que se lles formulen, ou situación, conxunto de factores ou circunstancias que lles afecte, de índole laboral, xurídico laboral ou de seguridade social, xurdidas a nivel persoal e nun determinado momento, precisen consello verbal legal dun experto na materia sobre o asunto en cuestión exposto ao graduado social. Para estes efectos, poderá solicitar o servizo unha soa vez por cada asunto.

Así mesmo, poderán ser beneficiarios/as deste Servizo os traballadores/as autónomos/as que se atopen en situación análoga á dun traballador/a por conta allea, que pretendan iniciarse como emprendedores/ras, así como os denominados TRADE.

Finalmente, poderán ser beneficiarios/as deste servizo, en materia de Igualdade, Discriminación e Acoso, todos/as colexiados/as, con respecto aos seus despachos, así como os clientes do mesmo nos que se active o Protocolo de prevención fronte ao Acoso e así o soliciten.

### **Terceira.- Compromisos das partes**

As partes asinantes obríganse a:

Colexios profesionais de Graduados Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia

- Ofertar, elaborar e manter actualizada a listaxe de colexiados participantes na prestación do servizo de orientación
  - Habilitar lugares na sede do colexio para a prestación do servizo de orientación.
- As partes poderán acordar a prestación noutros locais cando sexa preciso para garantir a confidencialidade.
- Difundir o acordo de prestación do servizo de asesoramento gratuito laboral e de

seguridade social entre todos os beneficiarios potenciais por todos os medios ao seu alcance.

- Asignar profesional aos destinatarios do servizo que o soliciten e actuar como intermediario en todas as comunicacións entre o usuario do servizo e o graduado social asignado
- Xestionar a prestación do servizo obxecto do convenio cos seus propios recursos persoais e materiais e a súa costa, sen máis excepción que o pagamento dos honorarios do profesional colexiado dentro dos límites convidados.
- Asumir os custes de persoal, material funxible e o resto de gastos estruturais e materiais.
- Subministrar, en virtude do disposto no artigo 4.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da dita lei por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

- Subvencionará aos Colexios a prestación dos custos dos honorarios de asesoramento cunha contía de 50,00 € por usuario atendido ata esgotar o crédito asignado a cada colexio.

#### **Cuarta.- Desenvolvemento da prestación**

A consulta será presencial e atenderase persoalmente ao interesado/a nos despachos habilitados para o efecto na sede do Colexio, ou onde nun futuro poida acordarse, co fin de garantir a máxima discreción e confidencialidade.

Cando o beneficiario/a do servizo resida nun municipio distinto ao da sede do

Colexio e coincida que o/a graduado social asignado teña o seu despacho profesional no mesmo municipio ou nun contiguo ou próximo, poderá atender ao consultante neste co fin de evitar desprazamentos innecesarios, debendo respectar o resto de normas do servizo coma se a consulta fose atendida na sede do Colexio.

No caso que non exista un profesional no municipio da persoa beneficiaria ou esta non poida trasladarse ao devandito despacho o servizo poderase realizar telefonicamente.

Con todo, o servizo poderá ser exclusivamente telefónico, xestionando o servizo entre cidadanía-profesional desde as sedes do colexio.

Ambas as partes deberán acudir á súa cita á hora sinalada xa que de producirse atraso inxustifico por parte do profesional, o/a usuario/a terá dereito a cancelar a cita, sempre que se xustifique, sen prexuízo de que se poida solicitar de novo. Se é o usuario o que se atrasa, o/a profesional concederá un prazo de espera de cortesía de ata 30 minutos, salvo que o/a usuario/a xustifique seu atraso para poder concertar nova cita.

O/a graduado/a social da quenda asignada deberá atender a consulta e aconsellar ou orientar verbalmente o cidadán ou cidadá sobre o asunto en cuestión.

O/a graduado/a social non emitirá ningunha información legal por escrito e o labor de deste finalizará unha vez atendida a consulta formulada polo beneficiario do servizo e expresado o seu consello ou orientación sobre o asunto.

#### **Quinta.- Financiamento**

Para o cumprimento deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, comprométese a achegar a cantidade de 30.000 € , distribuído do seguinte xeito:

- Colexio Oficial da Coruña e Ourense: 10.000 €
- Colexio Oficial de Pontevedra: 10.000 €
- Colexio Oficial de Lugo: 10.000 €

O financiamento levarase a cabo con cargo a partida orzamentaria 14.02.324A.481.0 con código de proxecto 2016 00301, e de acordo co artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian a imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos aprobado polo Consello de la Xunta de Galicia do día 17 de outubro de 2025. Así mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión e que, todos os actos ditados no expediente enténdense condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron.

#### **Sexta.- Xustificación e pagamento**

A documentación requirida para a xustificación do gasto, presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

O colexio emitirá, certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, mediante as correspondentes facturas de xeito trimestral, sen que ningún deles

sexa superior ao 80% do orzamento concedido a cada colexio e xustificando á Consellería por ese período, a través dun informe coa relación de usuarios atendidos debidamente identificados, e achegando á administración a documentación que xustifique cada servizo segundo o acordado na Comisión de Seguimento creada para ese efecto. Ó último pagamento deberá xustificarse con data límite do 18 de decembro de 2026.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Atriga.

Os Colexios facilitarán toda a información que lle requira a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contase o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

### **Sétima.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por tres representantes da Consellería e unha persoa representante de cada un dos Colexios.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Oitava.- Vixencia**

Este Convenio terá unha vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, que abranguerá as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 15 de decembro de 2026.

### **Novena.- Modificación**

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei de 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Décima.- Causas de resolución e reintegro**

O presente convenio resolverase:

- Polo transcurso do prazo de vixencia
- Por acordo das partes asinantes
- Por decisión unilateral dunha das partes cando causas sobrevidas impidisen o dificultasen gravemente o cumprimento dos compromisos adquiridos. A parte afectada comunicarllo aos outras partes cun mes de antelación como mínimo
- Polo incumprimento dos compromisos adquiridos por algún dos asinantes
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

Así mesmo, a axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora,

cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xanero, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

No caso de incumprimentos relativos ó deber de facilitar a información que lle requira a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contase o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, procederase ó desconto ou ben o reintegro do 10% do importe achegado, reiterando dito desconto por cada mes a maiores no que incorra a demora.

#### **Décimo primeira.- Incompatibilidade con outras axudas**

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera

Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha- nin directa, nin subsidiaria- polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo terceira- Publicación e inscrición en rexistros**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto)

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade e subvencións.

### **Décimo cuarta-. Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento

xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **Décimo quinta- Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, as catro partes asinan dixitalmente este Convenio, na data que se reflicte na sinatura electrónica

Pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración      Polo Colexio de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

José González Vázquez

Polo Colexio de Graduados Sociais de  
Pontevedra

José Lage Cerviño

Polo Colexio de Graduados Sociais de  
Lugo

Raúl Eugenio Gómez Villaverde

Manuel Núñez Carreira